

Entrevista | [Luís Valle](#) [Cultura](#)

"O logro do estilo fai da poesía de cadaquén algo orixinal"

venres 30, decembro 2022



Luís Valle © Luis Pereira

A unión e a distancia son os dous eixes de *Alianza* (Barbantesa), o último poemario de Luís Valle. Unha volta ao amor, ao afecto, como correlato da dor, da ausencia, da perda, da morte, como é habitual na súa obra. O autor prepara un volume que reunirá unha revisión de *Fedor*, *Para que eu beba*, *As cicatrices do Sol* e *Caderno do mendigo*. Falamos con el de todos estes libros.

***Alianza* é un poemario de amor. Unha celebración do mesmo. Por un lado a unión, a alianza, e por outro a distancia insalvable co amado/a. Como xorde? De que xeito se sitúa entre a unión e a distancia?**

“Este poemario xorde uns anos atrás e escribino, precisamente, polo desexo de celebrar un amor concreto”

Efectivamente, *Alianza* é unha celebración do amor e, nese sentido, o sentimento de distancia ou ausencia –das simples dúbidas á ausencia metafísica no labirinto da identidade–, forman parte da tópica amorosa, do Eros glukupikron de Safo de Lesbos á poesía amorosa do persa Hafez ou da checa Viola Fischerová, por poñer tres exemplos distantes en espazo e tempo.

Este poemario xorde uns anos atrás e escribino, precisamente, polo desexo de celebrar un amor concreto. Tardei bastante tempo (7 ou 8 anos) en dalo ao prelo, a verdade. Aínda que o proceso de edición neste caso foi, coma sempre que traballo con Penélope Pedreira e Barbantesa, moi sinxelo e agradable.

Sobre a cuestión da unión e a distancia, diría que o poemario enúnciase no intre esencial e gravita dende o oco e a distancia cara á unión e a harmonía, dende o primeiro e brevísimo poema que abre o libro: “Un só comezo conduce á luz”, até o derradeiro texto: “[...] coma dous corpos/ espidos/ da palabra/ Æternus”.

É realmente difícil facer un poemario de amor que diga, quizais, algo novo, ou dun xeito novo, ao tratarse dun tema clásico ao que xa non adoita ademais cantarse así. Preocúpate a orixinalidade á hora de escribir ou cres que non é tan relevante?

“A precisión no desenvolvemento do estilo sobre un xenuíno fondo humano é o que outorga o ton de novidade”

A cuestión da novidade no eido literario daría para un libro. Empezando polo final: se ben as mudanzas na historia da poesía son abondosísimas e irrastrexables na súa meirande parte, apenas existen temas novos de seu dende as orixes do pensamento poético. Certamente, o amor é un tema corrente, común, cotián... Que nos preocupa e ocupa. Un tema, polo tanto, infindas veces enunciado e poetizado.

Non, non me preocupa a orixinalidade por si, entendida esta como fin. Secasí, creo que o logro do estilo fai da poesía de cadaquén algo orixinal. A precisión no

desenvolvemento do estilo sobre un xenuíno fondo humano é o que outorga o ton de novidade, aínda que milleiros teñan camiñado por enriba desas palabras antes.



Luís Valle © Isabel Castro

“Luz e sombra atópanse como “continuum” dialéctico en toda a miña obra”

Hai algunhas referencias da época clásica no propio poemario. Por que?

Supoño que esas referencias son froito da miña formación e lecturas.

A luz, imaxe moi recorrente nos teus poemarios, volve estar presente en *Alianza*. En que sentido? Cal é a diferenza co tratamento da luz, por exemplo, en *Ostraka*?

Penso que é difícil diferenciar con claridade o emprego dun elemento tan amplo e produtivo do meu campo simbólico como a luz. En principio, luz e sombra atópanse como “continuum” dialéctico en toda a miña obra e o seu uso literario diría que responde a un patrón bastante coherente e cohesivo, pero quizais me trabuque.

É un poemario moi sensorial, moi atento ao corpo, máis que á dimensión mental ou intelectual que poida ter o amor (os afectos en xeral). Iso é común na túa poesía. Por que?

Tes razón. Non teño unha explicación. É un resgo ou querenza do meu estilo neste libro.

O poemario anterior que publicaras na mesma editora, *Para que eu beba*, era moi narrativo e nel estaba moi presente a morte. Que papel cumpren estes dous poemarios no relativo ao par de opostos amor/afectos e dor/morte que está tan presente na túa poesía?

“O que defines como opostos: “amor/afectos” e “dor/morte”, son máis ben, no contexto da miña obra, vasos comunicantes”

Para que eu beba é un poemario á morte do meu pai e *Alianza* está dedicado á miña parella. En ambos casos, os libros son conmemoracións vitais e actos de agradecemento pola extraordinaria oportunidade de ter compartido e compartir a vida con el e ela, respectivamente.

Así a todo, o que defines como opostos: “amor/afectos” e “dor/morte”, son máis ben, no contexto da miña obra, vasos comunicantes. Estes binomios, ao meu ver, están relacionados e, precisamente, a beleza e o valor da vida establécense na fondura ética e a verdade desas relacións.

Como exemplo, póñoche dous textos de cada un destes libros: “NON HAI AZUL para afogar o amor. (...) Entre nós, arde o bosque.” e *Despedida*: “Xa non queda máis verdade/ que a man que delicadamente asimos./ Ledicia, saúde e paz, deséxoche,/ ouh Señora, antes e despois do tempo”. Cito os textos porque me parece o máis axustado para establecer o meu punto de vista. A poesía rexeita teimudamente a paráfrase.

Aínda que poida que haxa máis continuidade, temática e estilística, entre *Ostraka* (Galaxia) e *Alianza* (Barbantesa). Amor e morte están en *Ostraka*, xunto con versos con imaxes e símbolos quizais algo máis complexos. Foi diferente ao respecto o proceso de escrita de *Alianza* e *Ostraka*?

O proceso de escrita de case todos os meus libros é bastante semellante. As escollas formais e a técnica varían en cada poemario, pero o proceso: lectura de fontes, anotacións, escrita provisional, correccións, reescritura, lectura, máis correccións, expurgo de versos/fragmentos/poemas, cambios de estrutura, paratextos etc., é moi semellante en todos os casos.



Luís Valle, nunha presentación © Beatriz Fraga

A Palabra relaciónase en *Ostraka* coa ausencia. De que maneira? Por que a Palabra se torna maiúscula, coma o Sol?

“O proceso de escrita de case todos os meus libros é bastante semellante”

A relación da que falas penso que se ve bastante ben en dous poemas, o titulado ‘Punto morto’: “[...] Palabras: [...] fiestras caídas/ a oídos do Creador, [...]// [...] Patas do carrizo moribundo/ que continúan o texto/ un punto por debaixo do/ punto morto” e, o segundo: “A CARENcia: encanecido/ tumulto de eguas/ que excede o límite/ do bosque branco, [...] / estigma da luz/ que centra no ollo/ o voo das aves ausentes/ mentres no teu ventre/ van medrando,/ como estrañas grafías,/ as Idades.”

Sobre a segunda cuestión, ademais dos nomes propios, os termos absolutos, os silencios extremos e os sentimentos límite pídenme, en ocasións, no contexto dos meus poemas, esa maiúscula. Nesas ocasións, introdúzoas como licenza.

A soidade está tamén bastante presente en *Ostraka*. Por que e en que sentido?

A poesía e a soidade adoitan ir da man. A soidade en *Óstraka* é introspectiva, indagatoria, balbucinte... E se se quere tamén desmemoriada e esquecediza, aínda que isto último non de xeito consciente.

En *Zigurat* e en *Trona, o merlo*, había moito poema curtiño, como en *Alianza*. É *Alianza* unha volta a eles nese sentido? Por algún motivo especial?

Creo que de novo ten que ver co estilo, con certa obsesión poundiana coa condensación expresiva. A maiores, o poema curto era o que mellor se acaía para escribir *Alianza* por multitude de razóns que non paga a pena explicar. Pero non creo que se trate dunha volta a estes dous poemarios que mencionas. De feito, penso que son obras distantes entre si.

En *Fedor* estaba moi presente a morte, como en *Para que eu beba*. Aínda que son estilisticamente bastante diferentes. Cal é a relación entre estes dous libros?

Excelente apreciación. En efecto, *Fedor* e *Para que eu beba* teñen unha proximidade temática e afectiva. A relación é moi estreita, tanto que os dous títulos mencionados, xunto con *As cicatrices do Sol* e *Caderno do mendigo*, forman un ciclo completo que estou a reescribir e verá a luz baixo o título de *Os froitos negros*.

A Salvación era chamada en *Caderno do Mendigo*. Nos últimos poemarios sae ás veces a idea de Deus. Que é o sagrado na túa poesía?

“Toda a miña poesía ten unha dimensión cívica e ética”

Nunca chegara a pensalo na súa dimensión ontolóxica pero, si, na miña poesía existe unha evidente presenza do sagrado. Penso que particularmente desenvolta en *Fedor* e *As cicatrices do Sol*, pero tamén presente noutros libros como *Caderno do mendigo*. O sagrado ten que ver co significado, co sacrificio e adopta formas regresivas e absolutas.

Poño como exemplo dous poemas de Fedor: “SOLPOR sagrado no tobo. Carrachas de dentes brandos/ sucán o meu corpo. Danzan tornasolados os gritos. Gritas,/ furando o centro do grito: silencio tralo masacre. [...] Voan/ cara a ningures os merlos fusilados, estrélanse contra/ pedreiras de multitude. Fillos do aire feitos anacos na tortura/ estraña dun deus frívolo”, ou “SÍNTOME como unha estrela atada, clamando na aira/ do ceo: casa da luz e furna de nada”.

Son poemarios do eu e do nós, como os anteriores. Intimistas, moi próximos ás emocións. Dirías que poderían ter unha vertente política? De que maneira? (A chamada á alianza, por exemplo).

Pois, conscientemente, non. En calquera caso, toda a miña poesía ten unha dimensión cívica e ética e, nese sentido, entendo que resulta posible facer unha lectura política de determinados poemas, por exemplo: “DE ti tomo o himno onde a lingua funde/ a palabra/ Anzol./ De ti tomo a palabra/ Amor,/ e a palabra/ Adiante/ e a palabra/ Luz”.